



FACULTADE DE FILOLOXÍA



---

Boletín 4

30 de setembro - 4 de novembro de 2024

---

# Actividades



**TÍTULO:** Exposición “¿Encontraría a Julio Cortázar?... cuarenta años después”

**DESTINATARIOS/AS:** Toda a comunidade universitaria

**ORGANIZACIÓN:** Decanato da Facultade de Filoloxía

**CONTACTO:** [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)


**LUGAR:** 1º e 2º andar da Facultade de Filoloxía

**DATAS:** 26 de setembro – 25 de outubro de 2024

**INAUGURACIÓN:** **26 de setembro** as **12:00** no 2º andar da Facultade

**DESCRICIÓN:** A mostra ¿Encontraría a Julio Cortázar?... cuarenta años después foi organizada con fondos do Museo del Escritor de Madrid e constitúe unha homenaxe a Julio Cortázar ao cumprirse corenta anos da súa morte. A través dela pode realizarse un percorrido pola vida e a obra deste escritor mesmo en aspectos moi pouco coñecidos.

Así, será posible contemplar todas as primeiras edicións das súas obras e traducións, fotografías orixinais, publicacións na prensa da época, discos, gravacións e un importante número de obxectos persoais. A exposición permite, polo tanto, unha inmersión completa, de carácter multidisciplinar, no universo cortazariano.



# Actividades Culturais

**TÍTULO:** DÍA EUROPEO DAS LINGUAS

**DESTINATARIOS/AS:** Toda a Facultade

**ORGANIZA:** Biblioteca, CLM

**CONTACTO** pilar.diez@usc.es; mcarmen.losada@usc.es

**LUGAR:** Biblioteca da Facultade de Filoloxía

**DATAS:** 23-30 setembro 2024

**PRESENTACIÓN:** Xoves 26 de setembro, ás 10:00 h

**DESCRICIÓN:** Un ano máis imos celebrar o DÍA EUROPEO DAS LINGUAS na Facultade de Filoloxía. Dende a Biblioteca poderemos acceder á exposición “Poemas nas nosas linguas”, que recolle unha selección de volumes de poemas nas linguas que estudamos aquí.

O xoves día 26, ás 10:00 h., e co motivo da súa presentación, faremos un pequeno recital multilingüe titulado “Ven recitar un poema”. Haberá agasallos.

Contamos contigo. Feliz día!

DÍA EUROPEO DAS LINGUAS 2024

Ven recitar un poema!

RECITAL  
MULTILINGÜE DE  
POEMAS CORTOS

XOVES, 26/09, 10:00h

Biblioteca Facultade de Filoloxía



23 - 30 setembro 2024

EXPOSICIÓN

Poemas nas nosas linguas



# Actividades Culturais

**TÍTULO:** X Edición do Concurso Literario Mazarelos

**DESTINATARIOS/AS:** estudiantado de grao, mestrado e doutoramento que estea matriculado en calquera titulación da USC, ou ben investigadoras/es que estean contratadas/os na USC concargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, en calquera momento do ano 2024 anterior á finalización do prazo de presentación

**ORGANIZACIÓN:** CNL da Facultade de Filoloxía

**CONTACTO:** [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

**LIGAZÓN:** <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos>

**DATAS:** 15 de abril – 30 de setembro de 2024 (entrega de orixinais)

**DESCRICIÓN:** Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuir a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.

Consulta as bases na ligazón indicada arriba e ánimoate a participar!



The poster features a sepia-toned illustration of a stone archway leading to a building, with a person walking through it. The text is in blue and red. At the bottom, there are logos for USC, the Faculty of Philology, the Linguistic Normalization Commission, and the Xunta de Galicia.

## X Concurso literario Mazarelos (2024)

1.º premio:	600 €	Aberto a todo o estudiantado da USC e a investigadoras/es contratadas/os
2.º premio:	500 €	
3.º premio:	400 €	Prazo de presentación ata 30 de setembro de 2024

Información e bases:

[www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos](https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos)

[www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-normalizacion-linguistica](https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-normalizacion-linguistica)

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

COMISSIONS NORMALIZACION LINGUISTICA

XUNTA DE GALICIA

# Actividades Culturais

**TÍTULO:** CineFilo, *outono-inverno* 2024

**ORGANIZACIÓN:** Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Catalá

**CONTACTO:** proxecto.cinefilo@usc.gal; dolors.perarnau@usc.gal

**LIGAZÓN:** @CineFilo.USC

**DATAS:** 8 de outubro de 2024

**HORARIO:** 17.00 – 20.00 h

**LUGAR:** Salón de actos da Facultade de Filoloxía

**DESCRICIÓN:** O vindeiro día 8 de outubro, CineFilo terá a súa segunda sesión do cuarto ciclo coa serie *La Primavera Rosa* e contará coa presenza do seu director Mario de la Torre.

*La Primavera Rosa* é un proxecto documental global e multiplataforma que recolle a pluralidade xeográfica e temática dos problemas da comunidade LGTBIQ+ no mundo, adaptándose á situación particular de cada país. Tomando como referencia os acontecementos que xurdiron en 2010 coa revolución democrática árabe, nace o primeiro episodio Cara a unha Primavera Rosa, como metáfora daquelas revoltas que marcaron a recente historia actual de forma pública ou latente. A serie realiza unha radiografía en formato documental dunhas sociedades que, baixo diferentes marcos culturais, teñen un obxectivo en común: a loita polos Dereitos Humanos e un berro a favor da diversidade sexual. Como complemento a cada documental atópase o denominado *documentarybook*, un *ebook* interactivo que inclúe extras tanto narrativos como multimedia, xerando un libro electrónico cuxos obxectivos son pedagóxicos e de concienciación, ou unha experiencia en VR-360°, cos mesmos obxectivos.

CineFilo presenta  
**La primavera rosa**  
Martes 8 de outubro de 2024, 17:00 h  
Salón de Actos, Facultade de Filoloxía - USC  
Actividade aberta e de balde certificada con 1 crédito ECTS pola USC  
Coa participación do realizador Mario de la Torre

GRAN NITIDA  
FESTIVAL DE  
BOXEO  
VINTAGE  
TÍTULOS  
NACIONALES

USC  
CENTRO DE ESTUDIOS GALEGOS  
instituto ramón Ullal  
Linguas e culturas catalanas  
USC  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA

---

## **Actividades/Informacións académicas**

**TÍTULO:** Convocatoria de asignación de liñas temáticas e titores/as e prórrogas de TFG

**DESTINATARIOS/AS:** Estudantes da Facultade de Filoloxía

**PRAZO DE SOLICITUDE:** do 16 ao 27 de setembro de 2024

**CONTACTO:** [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

**INFORMACIÓN:** <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/tfg>

---

---

## **Actividades/Informacións académicas**

**TÍTULO:** Convocatoria de dispensa de asistencia a clase

**DESTINATARIOS/AS:** Estudiantes da Facultade de Filoloxía

**ORGANIZACIÓN:** Decanato

**CONTACTO:** [filoloxia.decanato@usc.gal](mailto:filoloxia.decanato@usc.gal)

**PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES:** Ata o **30 de setembro** de 2024

**INFORMACIÓN:** <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-filoloxia/SitePages/Dispensa-da-asistencia-%C3%A1-clase.aspx>

---

---

## **Actividades/Informacións académicas**

**TÍTULO:** Enquisa Satisfacción Prácticas Externas curso 23-24

**DESTINATARIOS/AS:** Estudantes da Facultade de Filoloxía

**ORGANIZACIÓN:** Centro de Datos e Procesos

**CONTACTO:** centro.datos@usc.gal

**PRAZO:** do 13 de setembro **ao 30 de setembro** de 2024 (ambas datas incluídas)

---



# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** Roraima: expressão artística na Amazônia brasileira

**DESTINATARIOS/AS (opcional):** Toda a comunidade

**ORGANIZACIÓN:** Núcleo de Docentes de Português da Faculdade de Filologia

**CONTACTO:** [marianakillner@usc.es](mailto:marianakillner@usc.es) e [irenelopez.batalla@usc.gal](mailto:irenelopez.batalla@usc.gal)

**DATAS:** 1 de outubro de 2024

**LUGAR:** Sala D01, Faculdade de Filoloxía

**HORARIO:** 12h

**DESCRICIÓN:** A cantora e compositora Euterpe (Roraima, Amazônia - Brasil) é atualmente professora substituta no Curso de Música da Universidade Federal de Roraima. Atua também como docente de Arte na Educação Básica. Nesta aula aberta, dentro da cadeira de Literatura Brasileira 2 e aberta ao público geral, contextualizará geograficamente o estado de Roraima como uma parte da Amazônia diferente dos outros estados, com expressões artísticas diversas, devido ao caráter intercultural de uma região de fronteira. Tudo isto será realizado a partir de imagens e letras de canções de autores relevantes do Movimento Cultural Roraimeira como, por exemplo, a obra dos compositores Neuber Uchôa, Eliakin Rufino e Zeca Preto. Estas músicas têm uma abordagem estética que destaca as paisagens naturais e os costumes do povo do extremo norte que a professora dará a conhecer nessa sessão.

**AULA ABERTA**

**COM A CANTORA E COMPOSITORA**

**EUTERPE (Roraima, Amazônia, Brasil)**

**TERÇA-FEIRA, 1 de OUTUBRO**

**12 horas, SALA D01**

**Faculdade de Filologia (USC)**



**“Roraima: expressão artística**

**na Amazônia brasileira”**

Fonte imagem: roraimaemfoco.com



**Organiza:** Núcleo de Docentes de Português da Faculdade de Filologia

# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** *IV Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico*

**ORGANIZACIÓN:** Grupo FILGA

**CONTACTO:** [ilg.sialni4@usc.gal](mailto:ilg.sialni4@usc.gal)

**DATAS:** 3-4 de outubro de 2024

**LUGAR:** Salón de graos da Facultade de Filoloxía

**HORARIO:** 9:00 – 19:00

**LIGAZÓN:** <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/SIALNI4>

**DESCRIPCIÓN:** Este simposio quere seguir o espírito das tres anteriores edicións, que tiveron lugar nas Universidades de Xénova (2021), Oviedo (2022) e Salamanca (2023), e aspira a converterse nun lugar de encontro de referencia para os académicos que se dedican á investigación da realidade lingüística do noroeste ibérico. Pode consultarse o programa na páxina do evento.



## Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico

3-4 de outubro de 2024  
Facultade de Filoloxía (USC)

Organización:



USC **ilg** Instituto da Lingua Galega

Grupo FILGA (GI-1743)

Financiamento:



Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades - Agencia Estatal de Investigación no ámbito de proxecto con referencia PID2023-136644GB-I00

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Información Inscripción

# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** *Ensinar o saber dos falantes. Reflexións ao redor dunha indagación no ensino do galego nas últimas catro décadas*

Conferencia de Juan Manuel Fustes Nario (Universidad de la República)

**ORGANIZACIÓN:** Grupo FILGA

**CONTACTO:** marta.negro@usc.gal

**DATAS:** 9 de outubro de 2024

**LUGAR:** Sala de divulgación do Instituto da Lingua Galega

**HORARIO:** 13:00 h

**DESCRICIÓN:** Fustes presentará algunhas observacións sobre os materiais dispoñibles para o ensino de galego seguindo unha liña de investigación sobre as dimensións teóricas do ensino de linguas desenvolvida na Universidade da República (Uruguai). Esta liña pregúntase sobre as posibilidades da expresión *ensinar o saber do falante* e sobre os elementos teóricos mínimos do ensino de linguas. Neste contexto, o galego resulta un obxecto de estudo interesante, xa que moitas discusións sobre o ensino estiveron centradas na loita contra unha realidade lingüística que requiría unha intervención. A reflexión centrarase nunha refocalización da lingua como saber/coñecemento, coa relativa suspensión das lecturas prescritivas sobre a presenza e os efectos do ensino.

ilg

Conferencia

**Ensinar o saber dos falantes. Reflexións ao redor dunha indagación no ensino do galego nas últimas catro décadas**

Sala de divulgación  
Instituto da Lingua Galega

9 de outubro de 2024  
13:00 h



Juan Manuel  
Fustes Nario

Universidad de la República  
(Montevideo)

# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** XXXVIII Congreso Internacional da Asociación de Jóvenes Lingüistas

**DESTINATARIOS/AS:** Toda a comunidade universitaria con interese na lingüística

**DATAS:** 16, 17 e 18 de outubro de 2024

**ORGANIZACIÓN:** Comité organizador do XXXVIII Congreso da AJL

**CONTACTO:** [ajl.santiago@usc.gal](mailto:ajl.santiago@usc.gal)

**DESCRICIÓN:** O evento vai reunir máis de 100 comunicacións orais arredor de todas as ramas da lingüística xunto con tres conferencias convidadas impartidas por Juan Carlos Moreno Cabrera, Iria de Dios Flores e Andrea Ariño Bizarro.

**PRAZO DE INSCRICIÓN:** Ata o 13 de setembro de 2024

**Prazo de inscrición como asistente ampliado ata o venres 20 de setembro.**

**INFORMACIÓN:** <https://ajlsantiago.gal>

16, 17 e 18 de outubro de 2024

**XXXVIII CONGRESO INTERNACIONAL  
ASOCIACIÓN DE JÓVENES  
LINGÜISTAS**



**Facultade de Filoloxía**  
**Universidade de Santiago de Compostela**



Co financiamento de:



# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** Lexicography on the Road IV

**DESTINATARIOS/AS:** Membros da Facultade de Filoloxía e interesadas/os doutras Facultades

**ORGANIZACIÓN:** Mestrado Mundus en Lexicografía - EMLex

**CONTACTO:** [majo.dominguez@usc.es](mailto:majo.dominguez@usc.es)


**DATAS:** do 18 de setembro ao 23 de outubro de 2024

**LUGAR:** Facultade de Filoloxía

**HORARIO:** Diferentes horarios, segundo as actividades

**LIGAZÓN:** <https://emlex.eu.usc.gal/web/>

**DESCRIPCIÓN:** Serie de actividades ligadas á Lexicografía e ás Humanidades Dixitais



## SEPTEMBER

Wednesday 18 (10:00-13:00) Isaac González-Marcos Pichel Room D02	Informatics for linguists *Registration is required by e-mail: <a href="mailto:majo.dominguez@usc.es">majo.dominguez@usc.es</a>
Wednesday 25 (10:00-13:00) Isaac González-Marcos Pichel Room D02	Informatics for linguists *Registration is required by e-mail: <a href="mailto:majo.dominguez@usc.es">majo.dominguez@usc.es</a>

## OCTOBER

Wednesday 2 (10:00-13:00) Isaac González-Marcos Pichel Room D02	Informatics for linguists *Registration is required by e-mail: <a href="mailto:majo.dominguez@usc.es">majo.dominguez@usc.es</a>
Wednesday 2 (16:00-18:00) Ana Salgado Room B05	Lecture: Dictionaries of the Lisbon Academy of Sciences: Lexicographic Challenges Through Time
Wednesday 2 (18:00-20:00) Ana Salgado Room B05	Workshop I: Exploring LeXmart: The Dictionary Writing System of the Lisbon Academy of Sciences
Wednesday 9 (10:00-13:00) Isaac González-Marcos Pichel Room D02	Informatics for linguists *Registration is required by e-mail: <a href="mailto:majo.dominguez@usc.es">majo.dominguez@usc.es</a>
Thursday 3 (16:00-19:00) Ana Salgado Room B05	Workshop II: Examining Macrostructures and Microstructures: A Comparative Study of Dictionary Structures
Friday 4 (16:00-19:00) Ana Salgado Room B05	Workshop II: Examining Macrostructures and Microstructures: A Comparative Study of Dictionary Structures
Tuesday 15 (16:00-19:00) Irene Renau Room B05	Workshop: Electronic dictionaries of Romance languages: from theory to practice
Wednesday 23 (16:00-18:00) Irene Renau Room B05	Lecture: Hunting metaphors with ChatGPT

A INSCRIPCIÓN NAS ACTIVIDADES É GRATUITA

# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** *III Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico*

**ORGANIZACIÓN:** Grupo FILGA

**CONTACTO:** marta.negro@usc.gal

**DATAS:** 8 de novembro de 2024

**LUGAR:** Salón de graos da Facultade de Filoloxía

**HORARIO:** 09:00 – 18:30

**LIGAZÓN:** <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/III-xornada-variacion-cambio>

**DESCRICIÓN:** Esta xornada, organizada polo Instituto da Lingua Galega da USC e o Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro, ten como obxectivo promover e difundir traballos que se enmarquen no campo da variación e o cambio lingüístico. Pódese consultar o programa na páxina do evento.

**Prazo de inscrición:** do 1 ao 31 de outubro

III XORNADA SOBRE  
**VARIACIÓN  
E CAMBIO  
LINGÜÍSTICO**

08 NOVEMBRO  
FACULTADE DE FILOLOXÍA  
USC

Inscrición  
Información

Organización: USC CENTRO DE LÍNGUAS, LITERATURAS E CULTURAS universidade de aveiro clic centro de línguas, literaturas e culturas


Financiamento: Actividade realizada en colaboración co Ministerio de Cultura fct Financiación por fondos nacionais, através do FCT - Fundação para a Ciência e a Tecnologia, I.P. (Portugal), no âmbito do projeto UIDB/04188/2020 e UIDP/04188/2020 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



FACULTADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en Twitter e en Instagram!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



← Filoloxía USC

70 Tweets



Edit profile

**Filoloxía USC**

@filoloxia

Conta oficial da Facultade de Filoloxía da USC

facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

[twitter.com/filoloxia](https://twitter.com/filoloxia)

---

# A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc\_filoloxia



@buscfiloloxia